

## O DIRECTOR DE CÁRITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO PRESENTA AOS EMPRESARIOS O PROGRAMA EMPRESAS CON CORAZÓN

O Director de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, D. Angel Dorrego Leal, realizou o pasado 24 de setembro, acompañado do Presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra, D. José Manuel Fernández Alvariño, do Director do Club Financeiro de Vigo-Círculo Empresarial de Galicia, D. Jesús Bahillo Fernández e do Xerente da Cámara de Comercio de Vigo, D. José Manuel García Orois, a presentación aos empresarios de Vigo e zona sur de Pontevedra do programa “Empresas con Corazón”.



Angel Dorrego, despois de realizar unha exposición do traballo que Cáritas realiza, das problemáticas que son causa de exclusión e da situación económica actual coa que prodúcese un aumento da pobreza, pediu a implicación das empresas e dos axentes económicos no desenvolvemento do benestar social dirixido cara ás persoas máis desfavorecidas da nosa sociedade.

Empresas con Corazón é un programa de sensibilización que busca a promoción dunha conciencia solidaria no seo da empresa, que se materializa a través da Responsabilidade Social Empresarial e que quere implicar á empresa no desenvolvemento do benestar económico e social do noso contorno, da nosa comunidade e do noso país.

A través do devandito programa as empresas poden colaborar con Cáritas de diferentes formas:

- Facilitando a incorporación ao mercado laboral das persoas atendidas por Cáritas, ofrecendo un posto de traballo, a aprendizaxe e / ou o perfeccionamento dunha profesión.
- Promocionando o voluntariado corporativo mediante a cesión de horas de traballo dos profesionais para colaborar en temas concretos.
- Apoiando economicamente os proxectos e actividades de Cáritas.
- Realizando doazóns en especie ás persoas necesitadas.
- Realizando algunha prestación gratuíta de servizos.
- Participando en convenios de colaboración ...

Os Srs. Bahillo Fernández, Fernández Alvariño e García Orois, mostraron o seu total apoio e o das organizacións empresariais que dirixen ao proxecto e comprometéronse a empezar a traballar para facero realidade entre as empresas e empresarios

## **CÁRITAS DIOCESANA DE TUI-VIGO CELEBRA A VII XORNADA DO VOLUNTARIADO**

O sábado 26 de setembro celebrouse no Colexio dos Irmáns Maristas de Tui a VII Xornada de Formación do Voluntariado de Cáritas. A dito acto asistiron medio centenar de voluntarios de Cáritas, tanto das parroquias coma da propia Cáritas Diocesana e traballadoras.

A xornada deu comezo ás 10:00 horas baixo o lema **“Catro corazóns, unha misión”**, no que se explicou o significado do anagrama de Cáritas, a súa simboloxía e o seu trasfondo teolóxico representado na cruz que emerxe e converxe na Cruz, que é signo de entrega total, misión de cada unha das persoas que traballa ou colabora en Cáritas.

A través de catro obradoiros fóronse traballando cada un dos corazóns no que se abarcaron diferentes aspectos. No primeiro deles, **“A Institución”**, fíxose especial mención o modelo de acción social de Cáritas, no segundo “Equipos de traballo” traballouse a comunidade cristiá, no terceiro **“A persoa voluntaria”** realizouse unha reflexión sobre o proceso persoal do voluntario/a e no cuarto e último **“Os destinatarios da acción de Cáritas”** traballouse baixo un obradoiro que as traballadoras titularon **“Motivación para o cambio”**.

Ás 13:45 horas celebrouse a Eucaristía presidida polo párroco de San Rosendo de Torneiros e responsable do Programa de Cooperación Internacional, D. Juan Carlos Alonso Gómez.



Despois de xantar e xa pola tarde sacamos conclusións con tódolos voluntarios/as sobre a xornada para rematar en torno as 17:00 horas.

Dende o equipo directivo e o programa de animación comunitaria e voluntariado agradecer felicitar a tódolos voluntarios e voluntarias, traballadores e traballadoras que participaron co seu tempo e dispoñibilidade nesta xornada e seguir animando o resto de persoas voluntarias a que participen o próximo ano 2010.

## **MAS DE 500 ENTIDADES APOYAN LAS CRÍTICAS DE CEAR, CÁRITAS E REDE ACOLLE A REFORMA DA LOEX**

Máis de 500 organizacións de todo o Estado adheríronse ás propostas presentadas por Cáritas, CEAR (Comisión Española de Axuda ao Refuxiado) e a Rede Acolle ante a reforma da Lei de Estranxeiría (LOEX), e comparten as obxeccións a un proxecto que, como se sinalou publicamente o pasado 16 de setembro durante un encontro cos medios de comunicación, “nos afecta a todos, xa que pon en risco o futuro de inclusión que perseguimos, limita seriamente os dereitos fundamentais dos migrantes e supón un retroceso na construción dun verdadeiro espazo de liberdade, xustiza e convivencia”.

Ata a data, confirmaron as súas adhesións a **Federación Estatal de Refuxiados e Inmigrantes en España (FERINE)**, da que forman parte 52 organizacións; a **Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento (CONGDE)**, que integra a máis de 400 entidades de toda España; o **Servizo Xesuíta a Migrantes-España**, do que forman parte 10 entidades de ámbito estatal; a **Taula d'entitats do Tercero Sector Social de Catalunya**, formada por 25 organizacións catalás; a **Xarxa Per a Inclusió Social-EAPN Illes Balears**; e a **Rede Navarra do EAPN (European AntiPoverty Network)**, que integra a 23 entidades da Comunidade foral. Así mesmo, sumáronse á proposta a **Unión Sindical Obreira (USO)**, a **Asociación Prol Dereito Humanos de España (APDHE)**, **IEPALA**, **Save the Children**, a **Asociación Martín Fierro de Valencia** e a **Asociación Semente**.

As obxeccións de CEAR, Acolle e Cáritas á reforma detállanse nun amplo argumentario que, baixo o título “*CON ESTA LOEX PERDEMOS TODOS: A NOSA SOCIEDADE RETROCEDE E TAMÉN OS DEREITOS DOS INMIGRANTES*”, presentouse o 16 de setembro en Madrid, a véspera do debate no Congreso do proxecto de reforma aprobada polo Consello de Ministros do 26 de xuño. Nese documento, ademais de lembrar as recomendacións achegadas por estas tres institucións aos poderes públicos no proceso de posta a punto desta reforma, identifícanse serias obxeccións ao proxecto.

CEAR, Acolle e Cáritas alertan, xunto ás máis de 500 plataformas e organizacións que apoian o seu posicionamento, sobre “os riscos de que se realicen lecturas desaxeitadas dunha reforma dirixida a vincular de maneira simplista, e perigosa, crise e inmigración”. Para todas estas entidades, o Proxecto de reforma supón un retroceso legal en toda regra por catro motivos fundamentais: a política de inmigración regírase respondendo á crise, cámbiase a normativa á baixa no que fai a garantía de dereitos, reforza a percepción do inmigrante como mercadoría e, polo tanto, lle dificulta a integración e alimenta unha percepción que estigmatiza ao inmigrante, en especial ao que está en situación administrativa irregular.

### **O emigrante non é un delincuente**

“Non existe delito algún, nin o migrante é un delincuente” asegírase no documento de propostas lideradas por CEAR, Acolle e Cáritas, que avogan por unha reforma entendida como unha oportunidade para acadar tres obxectivos prioritarios: construír unha mellor sociedade de acollida nunha conxuntura de especial dificultade, que propicie un consenso social orientado a acadar un Pacto de Estado sobre o feito migratorio e que permita asentar as bases para un

novo modelo de sociedade aberta aos valores da diversidade, a solidariedade, a participación e a integración.

Para as organizacións que secundan o documento, a reforma, en vez de optar por un modelo restritivo de dereitos, debería servir para transmitir a toda a sociedade “unha mensaxe positiva e coherente cos principios do Estado de Dereito, da extensión universal dos dereitos, da integración e a cohesión plural”.

## **A REDE CÁRITAS PON EN MARCHA EN SUMATRA UNHA OPERACIÓN DE AXUDA HUMANITARIA A GRAN ESCALA**

A envergadura do terremoto rexistrado o pasado 30 de setiembre na illa indonesia de Sumatra –con epicentro en Padang e unha intensidade de 7,6 graos na escala Richter— activou inmediatamente os mecanismos de resposta humanitaria ás urxencias da rede internacional de Cáritas.

### **Urxencia a gran escala**

Á vista dos primeiros datos de situación facilitada por Cáritas Indonesias (KARINA), todo indica que, dado o elevado custo de vidas humanas, o número de feridos e o alcance dos danos causados nas infraestruturas, encontrámonos ante unha urxencia a gran escala. Por ese motivo, tanto as Cáritas local como todas as Cáritas doadores activaron o nivel de máxima alerta con obxecto de dar resposta humanitaria inmediata ás necesidades máis urxentes dos damnificados. Hoxe mesmo partiron xa cara á zona sinistrada varios expertos da rede internacional de Cáritas, que apoiarán en Sumatra aos traballadores locais de Cáritas.

### **Sen luz nin teléfono**

Calcíase que a menos o 50 por cento da cidade de Padang, situada a só unha hora de distancia do epicentro do sismo, quedou destruída. Cáritas Indonesias confirma que numerosos edificios se viñeron embaixo, como é o caso do Hospital M. Jamil, cuxa segunda planta hase esborallado. Declaráronse numerosos incendios na zona, e as redes eléctricas e telefónicas están cortadas, do mesmo xeito que moitas comunicacións terrestres. Porén, o aeroporto internacional de Minangkabau opera con normalidade, o que vai a permitir chegásea de axuda humanitaria por vía aérea.

Ao mesmo tempo, Cáritas Indonesias chama a atención sobre os importantes danos que se rexistraron noutros lugares da illa, sobre todo nas áreas rurais, como é o caso de Pariaman, a uns 50 quilómetros ao norte de Padang, e que, segundo os testemuños dos expertos de Cáritas que visitaron a zona, quedou “totalmente destruída”.

KARINA avanzou xa que a maior prioridade está en rescatar as persoas que quedaron atrapadas entre os cascallos e prestar axuda básica de urxencia ás numerosas persoas que se quedaron á intemperie. Hai que ter en conta que nesta época a illa encóntrase en plena tempada de chuvias.

**Recepción de donativos na conta de Cáritas Diocesana de Tui-Vigo  
Caixanova: 2080/0000/75/0040250250**

**[www.caritastui-vigo.org](http://www.caritastui-vigo.org)**

É a páxina web de Cáritas Diocesana que pretende utilizar este medio actual para dar a coñecer o labor de Cáritas.